

## RESOLUCIÓN REITORAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA POLA QUE SE INICIA O EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DE PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE MÁSTER UNIVERSITARIO CORRESPONDENTES AO CURSO ACADÉMICO 2022/2023.

O Consello de Goberno da Universidade da Coruña (UDC), na sesión celebrada o día 17 de decembro de 2020, aprobou o Regulamento de premios extraordinarios de Máster Universitario.

O Real Decreto 1125/2003, do 5 de setembro, establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificación nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional (BOE núm. 224, de 18 de setembro de 2003).

O Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade (BOE núm. 233, de 29 de setembro de 2021).

O Protocolo de colaboración suscrito entre a Consellería de Educación e as Universidades do SUG publicado por Resolución do 15/09/2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, establece a valoración dos expedientes académicos, asinado con data do 27 de xuño de 2011 e publicado por Resolución do 15 de setembro de 2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no DOG núm. 188, do 30 de setembro de 2011.

De acordo co exposto

### RESOLVO:

Iniciar o expediente de concesión de Premios Extraordinarios de Máster Universitario correspondentes ao curso académico 2022/2023, en todas as titulacións que se imparten nesta universidade de acordo co que se refire de seguido:

#### 1. Destinatarios

O alumnado que rematara os estudos de Máster Universitario na Universidade da Coruña no curso académico 2022/2023, coas mellores cualificacións e cunha nota media non inferior a notable no expediente académico.

#### 2. Número de premios

O número máximo de premios extraordinarios a conceder por titulación é o que figura no **Anexo I** desta resolución, unha vez aplicadas as porcentaxes previstas no apartado 2.3, do artigo 2 do Regulamento de premios extraordinarios de Máster Universitario.

#### 3. Procedemento

##### 3.1. Valoración dos expedientes académicos

De acordo co disposto no apartado 2.4 do artigo 2, do Regulamento de premios extraordinarios de Máster Universitario, os expedientes académicos valoraranse pola Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente.

O criterio para a concesión será a nota media do expediente académico calculada de acordo co disposto no "Protocolo de Colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración de expedientes académicos".

### 3.2. Relación priorizada de expedientes académicos

A Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente elaborará unha relación priorizada provisoria daquelas persoas con expedientes académicos que obtiveran unha nota media igual ou superior a notable (7) de acordo ao número posible de premios. A devandita relación será publicada no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC. Contra esta relación provisoria, as persoas interesadas no procedemento poderán presentar unha reclamación no prazo de 5 días hábiles que comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación.

A Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente resolverá as reclamacións e publicará no mesmo taboleiro de anuncios a relación definitiva daquelas persoas que poderán ser propostas para a concesión de premio extraordinario.

### 3.3. Aceptación do premio

As persoas propostas para a concesión do premio extraordinario de Máster Universitario, deberán manifestar a súa aceptación. Para estes efectos deberán cubrir o **Anexo II**.

O prazo para presentar a aceptación será de 10 días naturais que contarán desde o día seguinte ao da publicación da relación definitiva citada no apartado anterior.

A aceptación presentárase na Sede Electrónica, no Rexistro Xeral ou nos Rexistros dos Centros, ou ben por calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC considerárase válida aos efectos de notificación aos interesados, sen prexuízo de que se lles poida remitir un aviso mediante correo electrónico.

En caso de non presentar a aceptación dentro do prazo indicado, entenderase que a persoa proposta renuncia de forma voluntaria á concesión do devandito premio.

## 4. Proposta definitiva, concesión e efectos

### 4.1. Remisión da proposta definitiva

A proposta definitiva será remitida pola Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente ao reitor, para a súa elevación ao Consello de Goberno.

### 4.2. Acordo de concesión

Os premios extraordinarios concederanse polo Consello de Goberno da UDC, a aqueles/as alumnos/as con mellor expediente académico, que cumpran os requisitos do artigo 3.1 do Regulamento de premios extraordinarios de Máster Universitario, no número que se indica no **Anexo I** desta resolución.

A relación das persoas premiadas publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC, de acordo co establecido na Disposición adicional segunda da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia.

O acordo do Consello de Goberno esgotará a vía administrativa. Contra o dito acordo, poderá interpoñerse:

- a) ben un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, que contará desde o día seguinte á súa publicación, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas;
- b) ben un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, que contarán desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

### 4.3. Efectos

As persoas premiadas recibirán un diploma acreditativo expedido polo reitor da Universidade da Coruña.

A concesión do premio figurará no expediente académico da persoa premiada e farase constar fidedignamente no expediente do alumnado e naqueles documentos oficiais, nas condicións que a normativa vixente prevea.

Así mesmo, a concesión do premio extraordinario dará dereito á exención dos prezos públicos pola expedición do título de Máster Universitario ou no seu caso á devolución dos mesmos.

## 5. Calendario

- 14/11/2023 Publicación da relación priorizada provisoria de proposta de concesión de premios extraordinarios no Taboleiro Electrónico Oficial.
- 21/11/2023 Data límite para presentar reclamacións
- 24/11/2023 Publicación da relación priorizada definitiva de proposta de concesión de premios extraordinarios, tras o estudo das reclamacións.
- 04/12/2023 Data límite para presentar o **Anexo II**

Aprobación polo Consello de Goberno da proposta de concesión dos premios extraordinarios, na data que corresponda.

## 6. Protección de datos

De acordo co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXPd), e co artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informamos que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son R/ Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico [secretariaxeral@udc.gal](mailto:secretariaxeral@udc.gal).

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos conforme á normativa.

Co fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Universidade da Coruña, como o Taboleiro Electrónico Oficial, páxina web ou taboleiros de anuncios.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consinte expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos taboleiros físicos da UDC e dentro do Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional 7ª da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada nos citados taboleiros.

A persoa interesada consinte o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a lle solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a se opoñer ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderaos exercer mediante unha solicitude remitida ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, R/Maestranza 9, 15001 A Coruña ou ao correo electrónico [secretariaxeral@udc.gal](mailto:secretariaxeral@udc.gal), coa referencia «protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto, a que se lle xuntará a fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico [dpd@udc.gal](mailto:dpd@udc.gal). Así mesmo,

vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de conformidade co disposto no artigo 8.3 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de reposición ante o reitor no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa publicación; neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo mencionado no parágrafo anterior ata que non exista unha resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo cos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña,

O reitor

PD. (RR. 14-01-2020)

Vicerreitora de Planificación Académica e Innovación Docente

Nancy Vázquez Veiga

**Anexo I**
**Número de premios extraordinarios por titulación 2022/2023**

<b>Titulación</b>	<b>Núm. Alumnos</b>	<b>Núm. Candidatos</b>
Máster Universitario en Acuicultura	7	1
Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade	1	1
Máster Universitario en Arquitectura	45	3
Máster Universitario en Asesoramento Xurídico Empresarial	4	1
Máster Universitario en Asistencia e Investigación Sanitaria	35	2
Máster Universitario en Avogacía	67	4
Máster Universitario en Banca e Finanzas	23	2
Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión	7	1
Máster Universitario en Bioinformática para Ciencias da Saúde	22	2
Máster Universitario en Bioloxía Mariña	8	1
Máster Universitario en Bioloxía Molecular, Celular e Xenética	21	2
Máster Universitario en Biotecnoloxía Avanzada	14	1
Máster Universitario en Ciberseguridade	15	1
Máster Universitario en Ciencias, Tecnoloxías e Xestión Ambiental	22	2
Máster Universitario en Computación de Altas Prestacións / High Performance Computing	14	1
Máster Universitario en Contabilidade Superior e Auditoría de Contas	20	1
Máster Universitario en Dereito Dixital e da Intelixencia Artificial	22	2
Máster Universitario en Deseño, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos	24	2
Máster Universitario en Dirección e Administración de Empresas	24	2
Máster Universitario en Dirección integrada de proxectos	24	2
Máster Universitario en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares	1	1
Máster Universitario en Discapacidade e Dependencia	20	1
Máster Universitario en Economía	2	1
Máster Universitario en Edificación Sostible	17	1
Máster Universitario en Eficiencia e Aproveitamento Enerxético	7	1
Máster Universitario en Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade	12	1
Máster Universitario en Enxeñaría da Auga	12	1
Máster Universitario en Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos	13	1
Máster Universitario en Enxeñaría en Deseño Industrial	2	1
Máster Universitario en Enxeñaría Industrial	10	1
Máster Universitario en Enxeñaría Informática	27	2
Máster Universitario en Enxeñaría Mariña	10	1
Máster Universitario en Enxeñaría Naval e Oceánica	11	1
Máster Universitario en Estudos Avanzados en Museos, Arquivos e Bibliotecas	16	1
Máster Universitario en Estudos Avanzados sobre a Linguaxe, a Comunicación e as súas Patoloxías	22	2
Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	9	1
Máster Universitario en Informática Industrial e Robótica	14	1

Máster Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria	23	2
Máster Universitario en Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde (Interuniversitario)	7	1
Máster Universitario en Investigación Química e Química Industrial	12	1
Máster Universitario en Lingüística Aplicada	5	1
Máster Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade	12	1
Máster Universitario en Matemática Industrial	4	1
Máster Universitario en Materiais Complexos: Análise Térmica e Reoloxía	4	1
Máster Universitario en Métodos Avanzados de Investigación e Innovación na Análise Social	10	1
Máster Universitario en Náutica e Transporte Marítimo	6	1
Máster Universitario en Neurociencia	3	1
Máster Universitario en Planificación e Xestión de Destinos e Produtos Turísticos	18	1
Máster Universitario en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria	29	2
Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais e Riscos Comúns	31	2
Máster Universitario en Produción Xornalística e Audiovisual	29	2
Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas	176	9
Máster Universitario en Psicoloxía Aplicada	20	1
Máster Universitario en Psicopedagogía	33	2
Máster Universitario en Rehabilitación Arquitectónica	11	1
Máster Universitario en Técnicas Estatísticas	13	1
Máster Universitario en Visión por Computador	7	1
Máster Universitario en Xerontoloxía	8	1
Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral	16	1
Master Universitario Erasmus Mundus en Sostibilidade e Industria 4.0 aplicada ao Sector Marítimo	21	2

Anexo II

## ACEPTACIÓN DO PREMIO

PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE MÁSTER UNIVERSITARIO DA  
UNIVERSIDADE DA CORUÑA CORRESPONDENTES AO CURSO  
ACADÉMICO 2022/2023

DATOS DO/A ALUMNO/A			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
TÍTULO DE MÁSTER UNIVERSITARIO			
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO (UDC)		
EXPOÑO:			
1. Que, con data do 13/11/2023, se publicou no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña a Resolución reitoral pola que se inicia o expediente de concesión de premios extraordinarios de Máster Universitario correspondentes ao curso académico 2022/2023.			
2. Que, segundo a resolución reitoral, os premios concederanse polo Consello de Goberno da UDC, por proposta da Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente.			
3. Que, en virtude do anterior, resultou proposto para o premio extraordinario de .....no curso 2022/2023.			
4. Que acepto a proposta para os efectos da expedición do diploma acreditativo e da súa constancia no meu expediente académico, e autorizo á Universidade da Coruña a que os meus datos consten nas diferentes publicacións e documentación necesarias.			
5. Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos todos os datos contidos nesta autorización.			
....., ..... de ..... 2023			
Asdo.			

SR. REITOR